

A derradeira mentira

Ana Díaz Sticotti

Pedra, papel e tesoura!

Yaiza Portela Costa

Cadernos Pygmalión



A derradeira mentira

Ana Díaz Sticotti

Pedra, papel e tesoura!

Yaiza Portela Costa

O **IV Premio de Teatro Breve Testeatro** está convocado pola **Mostra de Teatro de Ensino Secundario do Morrazo** co obxectivo de difundir a escrita dramática e contribuír á práctica da lingua galega. O premio, aberto ao alumnado de secundaria e bacharelato dos centros participantes, tomou como tema común “A MENTIRA” e estivo dividido en dúas categorías.

A derradeira mentira, de Ana Díaz Sticotti foi a gañadora da primeira categoría (1º, 2º e 3º da ESO) mentres que *Pedra, papel e tesoirá!*, de Yaiza Portela Costa foi a gañadora da segunda categoría (4º da ESO, 1º e 2º de Bacharelato).

O xurado do certame estivo formado por Fran Godón (dramaturgo), Guiomar López (ensinante), Manuel Xestoso (crítico teatral) e Vanesa Sotelo (directora de escena).

A derradeira mentira

Ana Díaz Sticotti

Ana Díaz Sticotti

Curso: 1º E.S.O.

Centro IES Paralaia

A DERRADEIRA MENTIRA

ESCENA 1

O decorado representa a sala de espera dun hospital. Hai un mostrador cun ordenador e tras el unha recepcionista que follea unha revista de díxome-díxomes. Tamén hai cadeiras onde tres persoas miran os seus móbiles. Entra un novo paciente que vai onda a recepcionista.

PACIENTE.- Ola, tiña cita ás tres en punto.

RECEPCIONISTA.- Xa.

PACIENTE.- Son as tres en punto.

RECEPCIONISTA.- Xa.

(Silencio.)

PACIENTE.- Non me vai dicir onde teño que ir, ou?

RECEPCIONISTA.- Si.

(A recepcionista pasa descaradamente a folia da súa revista de chismes.)

PACIENTE.- Mire señora.

RECEPCIONISTA.- Señorita.

PACIENTE.- Eu teño unha cita para unha revisión e o seu traballo é dicirme onde teño que ir para facerme dita revisión.

RECEPCIONISTA.- Non é o meu traballo.

PACIENTE.- Si o é.

RECEPCIONISTA.- Ah si?

(O paciente leva as mans á cabeza, ráscase e decide volve falar.)

PACIENTE.- A ver.

(A recepcionista vira a pantalla do ordenador sen levantar a vista da súa revista, no ordenador aparecen as citas dese día.)

RECEPCIONISTA.- Busque o seu nome.

(O paciente busca o seu nome na lista e mira a sala onde ten que ir.)

RECEPCIONISTA.- De nada.

ESCENA 2

Consulta dun médico. Hai un escritorio e dúas cadeiras, unha a cada lado. Nunha delas está sentado o médico, que recoñecemos porque leva unha bata branca. Tamén hai unha padiola. Entra o paciente.

PACIENTE.- *(Timidamente.)* Eh... Ola ?

MÉDICO.- Pase pase, sente aquí.

(O médico sinálalle a cadeira alén do seu escritorio. O paciente senta na cadeira. Silencio.)

MÉDICO.- Pasemos a facerlle probas.

PACIENTE.- Pero, non me debería sentar na padiola?

MÉDICO.- Bah, parvadas.

(O médico arríncalle dun tirón a chaqueta ao paciente. Logo tócalle a barriga, acaríñalle a cabeza, e senta enriba do paciente.)

MÉDICO.- Teño malas noticias ?

(O médico arrodeálle o pescozo ao paciente co seu brazo.)

PACIENTE.- Que?

MÉDICO.- Quédalle un ano de vida

PACIENTE.- Que?! Pero como pode saber iso? Se apenas me revisou ben!

MÉDICO.- Ehem ? *(Sinala a bata branca.)*

PACIENTE.- Ah boh... Desculpe doutor, mellor marchó.

G-grazas por todo.

(O paciente sae de escena. O médico queda asubindo.)

ESCENA TRES

Unha cadeira con volante simula un coche. Hai unha botella de auga ao seu carón.

O paciente está sentado. Ao principio parece tranquilo. Logo, de súpeto, comeza darlle golpes ao volante, choca a cabeza contra a bucina do coche repetidamente, bebe auga, bótalla por riba. Por fin parece calmarse e arrinca o coche. Simula que conduce.

ESCENA CATRO

O escenario representa unha habitación, cunha cama en un moble con caixón. O paciente está sentado na cama.

PACIENTE.- Tiven unha vida triste e aburrida. Nunca fixen nada interesante. Hei morrer sen ter vivido realmente.

(Silencio. Érguese, vai onda o moble, abre o caixón e rebusca nervioso. Ao final, atopa un papel.)

PACIENTE.- A lista dos propósitos de fin de ano. *(O paciente móstralle a lista ao público.)* Nunca me atrevín a facelas. Sempre desexando cousas, pero sen tempo para facelas, oo medo. *(O paciente le a lista en alto.)*

1. Declararme a X, o amor da miña vida.
2. Gastar todo o diñeiro para bens propios.
3. Mercar a miña propia casa.
4. Ter amigos.
5. Deixar de ser penoso.

(O paciente sae do seu cuarto coa lista na man.)

ESCENA CINCO

Estamos ante a porta dunha casa. Hai unha muller guapa. En medio do escenario hai unha persoa cun cartel grande no que se le “MES 1”. A persoa do cartel retírase. Aparece o paciente correndo. Detense diante da muller.

PACIENTE.- *(Nervioso.)* M-m-m-m-m-e gústasme?

MULLER.- Vale.

(O paciente agárraa fortemente e bícanse.)

PACIENTE.- *(O paciente diríxese ao público.)* Primeiro desexo cumprido.

ESCENA SEIS

Dúas hamacas. Nelas están o paciente e a muller. Están en traxe de baño, levan gafas de sol e toman un copa. No medio do escenario hai unha persoa cun cartel que pon “SEXTO MES”. A persoa do cartel retírase.

MULLER.- Encántame esta nova casa con piscina e jacuzzi. Coido que non podería ser máis feliz.

PACIENTE.- Agarda a que vexas o novo Porsche Cayenne que hai chegar mañá.

MULLER.- Mercaches un Cayenne?

PACIENTE.- Si.

MULLER.- Pero quedarías sen cartos.

PACIENTE.- Os cartos están para gatalos.

(Brindan coas copas e cada un bebe. Silencio.)

PACIENTE.- *(Dirixíndose ao público.)* Segundo, terceiro, cuarto e quinto desexo cumpridos.

ESCENA SETE

Outra vez estamos na sala de espera do hospital. Hai xente sentada nas cadeiras e a recepcionista follea unha revista de chismes detrás do mostrador. Unha persoa cun cartel anuncia “DERRADEIRO MES”. A persoa do cartel retírase e entra o paciente. O paciente vai cara a recepcionista, pero detense. Entra por un lateral o médico sentado nunha cadeira de rodas empurrado por un enfermeiro.

MÉDICO.- (*Berrando.*) Morredes todos nun ano!
Morredes todos nun ano!

(*A recepcionista levanta a vista.*)

RECEPCIONISTA.- (*Dirixíndose ao médico.*) Tomaches as pílulas?

MÉDICO.- Morredes todos nun ano!

FAMILIAR.- Seica non.

(*A recepcionista sorrí.*)

RECEPCIONISTA.- Vaia teima que ten con iso de ser médico.

FAMILIAR.- Si. Xa anda outra vez coa tolemia de morrer nun ano.

(*O paciente está parado en medio da consulta.*)

PACIENTE.- (*Despistado.*) Pero... pero... (*Dirixíndose ao falso médico.*) Entón non es médico? Es un tolo. Non hei morrer nun ano.

MÉDICO.- (*Dirixíndose ao público.*) Tolo eu? Arranxeille a vida e só me custou un ano.

Pedra, papel e tesoura!

Yaiza Portela Costa

Yaiza Portela Costa

Curso: 2º Bacharelato

Centro IES María Soliño

Tres personaxes nun submarino. Por algunha razón que descoñecemos o motor está avariado e están atrapados nesa cárcere de metal. O ambiente é de desesperación total. Están palpando a morte. Levan semanas mergullados e xa non hai víveres. Van acendéndose as luces. Vense aos tres personaxes xogando ao pedra, papel e tesoiira. Soa unha música que nos recorda ao circo. Van xogando, están serios, non o toman a broma. Vemos acenos de vitoria e derrota. A luz acaba por acenderse completamente e a música vaise apagando. A escena está espida tan só hai tres cadeiras e un traxe de buzo antigo.

PERSONAXE 1, PERSONAXE 2, PERSONAXE 3.- Pedra, papel e tesoiira! (*Sacan as mans á vez.*)

P2.- Listo, aquí tendes ao vencedor@ (*Dio cun ton vitorioso que á súa vez roza coa melancolía e a resignación.*)

P1: (*Intentando reconfortar.*) Estamos nas túas mans. Sorte.

P3.- Recordas o plan, non? Intenta chegar á superficie como poidas (*P2 asente. P1 pásalle o traxe antigo de buzo. P2 comeza a espirse e a pórse o traxe. A tensión entre os tres é presente, teñen medo*). Se ves que te quedas sen osíxeno, volve.

P1.- Ou intenta chegar á superficie, o que che quede máis preto.

P2.- Tranquilos, este é o típico plan idiota que acaba saíndo ben, non vos preocupedes (*Rin.*) Ademais a morte non pode chegar así, non? Desta maneira... (*Intentando ocultar as bágoas.*)

P1.- A nós non, que non estamos nunha película.

P2.- En todo caso nunha mala.

P3.- Da hora da sesta.

P2.- Veña. A próxima vez que vos vexa vai ser baixo a luz do sol, comendo a fartar.

P1.- E rindo sen parar.

Sorrín. Empeza a soar unha música e a luz vai apagándose mentres se apertan e vemos como o P2 se vai da escena. Acéndense de novo as luces e a música desaparece. P1 vémolos sentados nunha cadeira e P3 inqueda polo escenario.

P3.- E se non volve?

P1.- Vai volver.

P3.- Xa, xa (*Pausa*). Pero se non?

P1.- Foder ti@, non te agoníes. Vai volver.

P3.- Xa si, vai volver, si, vai volver, si, si.

P1 levántase e P3 senta, intercambian sitios.

P3.- Porque teremos remordementos? (*P1 mira para el/ela desconcertad@ pola pregunta.*) Iso da culpa e tal... será cuestión de Deus?

P1.- Deus? Pero desde cando es ti relixioso?

P3.- Pois dende hai unhas horas. Que pasa? (*P1 encolle os ombros.*) Ti por que cres que temos remordementos?

P1.- Puf, non sei, supoño que porque sabes que fixeches algo mal e te come a culpa. (*Silencio.*) Por?

P3.- E como se vai?

P1.- Ti@, eu que sei, confesando, non? Non eras ti crente? Pois cando saíamos vas ao cura de garda e sóltaste. (*Ri.*)

P3.- (*Serio.*) Ti serás o meu cura.

P1.- (*Mírao extraño.*) Pero que dis? O negro séntame mal (*Senta na cadeira.*) Non te preocupes, sairemos de aquí.

P3.- Fun eu. Non foi nada externo. Fun eu. O motor tiña unha pequena avaría e non lle dei importancia. Fun eu. Fun eu (*Levántase agobiad@.*)

P1.- (*Alterad@.*) Pero que carallo queres dicir?

P3.- Fun eu, hostia, estamos atrapados pola miña culpa. Fun eu, fun eu...

P1 comeza a darlle pancadas ás cadeiras, berrando e in-

xuriando a P3. Est@ non para de repetir «Fun eu, fun eu, fun eu...». As luces vanse apagando e soa unha música mentres P1 vai irad@ ata P3. A luz apágase. As luces acéndense de novo e a música apágase. P1 está de pé. Nervios@, irad@, P3 está sentad@ no chan, choros@.

P3.- Síntoo.

P1.- Non me fales! Non me fales! Eu mátoe. Se saímos de aquí eu mátoe! A ver se tes valor, para contarllo ao ti@ que está intentando salvar as nosas vidas aí fóra papán!

P3.- *(Entrecortado e mirando ao público.)* Tereino...

P1.- Máis che vale.

P1 diríxese a poñer ben as cadeiras que tirara. Están un rato en silencio ata que P3 solta un grito afogado. P1 dáse a volta e mira para onde o fai P3.

P1.- Non pode ser!

P3.- (*Entrecortado.*) Está mort@.

P1 agarra a P3 polo pescozo e lévao ao proscenio case a rastras. Ambos os dous están incrédulos, chorosos.

P1.- Abre os ollos e mírao! Mírao! Pola túa culpa, foder, pola túa culpa! Así imos acabar, mírao (*Ambos están mirando para o patio de butacas coma se visen o corpo de P2 flotar morto por un ollo de boi.*) Mírao! (*Choran e choran.*) Mortos nesta lata! (*Levántao un pouco pola camiseta coma se lle fose a dicir algo, pero tírao ao chan.*) Pola túa culpa.

As luces apáganse e soa a música. A luz acéndese e apágase e cada vez están nun sitio diferente na escena. A quinta vez a música vaise e as luces acéndense. P1 e P3. Esgotad@s. Cans@s. Sen forzas. Dóelles todo. Dóelles falar, dóelles ata respirar. Aceptan o seu fin. Máis mor-

tos ca vivos. Sentados de costas o un co outro.

P3.- Eh! Eh! Perdóame... por favor (*Silencio*). Ei! (*Cólleo e abanéao un pouco, P1 non responde, parece que está morto*) Por favor, non te vaias desta forma, enfadad@, odiándome, esperta! Ei, ei...

P1.- (*Cústalle máis falar que a P3.*) Cala e non me movas tanto home, estate quieto (*Sorrí*).

P3.- Síntoo. Eu...

P1.- Cala. Xa está. Non te culpes. Xa está. Non te preocupes.

Fan un aceno de cariño, confianza. A música comeza a soar e a escena pouco a pouco vaise escurecendo. Vense aos dous personaxes de costas un co outro por última vez. Máis mortos ca vivos, ou ao revés. Faise a escuridade e a música dilúese.

Coa intención de reforzar a presenza do teatro e da literatura dramática entre o público adolescente, a **erregueté** colabora coa Mostra de Teatro do Ensino Secundario do Morrazo coa edición dos textos premiados no Certame de Teatro Breve. A intención é iniciar unha colección de dramaturxia breve ligada a este concurso que poida ser accesible dende a web e de cuxa impresión se encargue o centro organizador de cada edición.

**erre
gue
té**
revista galega de teatro



Mostra
Teatro
Ensino
Secundario
do Morrazo

